



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Deixar sen efectos os acordos adoptados en sesións plenarias de datas 24.06.2023 (punto 1.6) e 24.01.2024 (punto 3) relativo a retribucións de cargos con dedicación exclusiva e parcial e novo acordo de retribucións á Alcaldía

Deixar sen efectos os acordos adoptados en sesións plenarias de datas 24.06.2023 (punto 1.6) e 24.01.2024 (punto 3) relativo a retribucións de cargos con dedicación exclusiva e parcial e novo acordo de retribucións á Alcaldía con dedicación exclusiva (expediente 2025/X006/000279 e 2023/G010/000007)

ANUNCIO

Deixar sen efectos os acordos adoptados en sesións plenarias de datas 24.06.2023 (punto 1.6) e 24.01.2024 (punto 3) relativo a retribucións de cargos con dedicación exclusiva e parcial e novo acordo de retribucións á Alcaldía con dedicación exclusiva (expediente 2025/X006/000279 e 2023/G010/000007)

O Pleno do Concello de Carral, en sesión extraordinaria realizada o día 23 de outubro de 2025, acordou:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o punto 1.6 da sesión plenaria extraordinaria organizativa do 29 de xuño de 2023 de “proposta da alcaldía ao pleno de acordos referentes a retribucións de cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación” polo que se adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Determinar a dedicación exclusiva en relación cos seguintes cargos de goberno do Concello de Carral, coas retribucións que se indican:

- Alcaldía: Retribucións mensuais brutas de 3.265,44 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 45.716,16 € + seguridade social a cargo do Concello).

- Concellaría de Cultura, Deportes, Xuventude, Participación Cidadá e Protección Civil: Retribucións mensuais brutas de 2.183,66 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 30.571,24€ + seguridade social a cargo do Concello).

Segundo.- Determinar as dedicacións parciais en relación cos seguintes cargos de goberno do Concello de Carral, coas retribucións que se indican:

- Concellaría de Economía e Facenda, Réxime Interior, Recursos Humanos e Seguridade cidadá: Retribucións mensuais brutas de 1.965,30 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 27.514,20€ + seguridade social a cargo do Concello). Cun réxime de dedicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 80% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía.

- Concellaría de Urbanismo, Infraestruturas e mobilidade, obras e servizos, medio ambiente e medio rural. Retribucións mensuais brutas de 1.965,30€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 27.514,20€ + seguridade social a cargo do Concello). Cun réxime de dedicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 80% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía.

- Concellaría de Sanidade, Educación e Emprego. Retribucións mensuais brutas de 1.310,20€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total anual: 18.342,80€ + seguridade social a cargo do Concello). Cun réxime de dedicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 50% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía. As cantidades anteditas serán obxecto de actualización anual nos mesmos termos que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados municipais.

Terceiro.- De acordo co establecido no artigo 75.5 LRBRL, o Alcalde-Presidente determinará os/as membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, ocupando as concellarías para as cales o Pleno establece, mediante este acordo, tales dedicacións, producíndose os efectos económicos deste acordo dende a data en que o Alcalde-Presidente faga dicha asignación.

Cuarto.- Publicar integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicacións destes últimos, indemnizacións e asistencias, así coma os acordos do Alcalde determinando os/as membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.”

SEGUNDO.- Deixar sen efecto o punto 3 da sesión plenaria extraordinaria do 24 de xaneiro de 2024 de “ditame dedicación parcial modificación area III (2023/G003/000001)” polo que se adoptou o seguinte acordo:

“**PRIMEIRO.-** Modificar a adscripción da dedicación parcial ó cargo de Concellaría de Urbanismo, infraestruturas, mobilidade, obras e servizos , medio ambiente e medio rural con retribucións mensuais brutas de 1965,30€ en doce pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro .(Total anual de 27.514,20E + seguridade social a cargo do Concello . Cun réxime de dedicación temporal mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións equivalente ao 80% da xornada establecida en cómputo anual para os funcionarios públicos, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía que pasaría baixo as mesmas condicións económicas a ser cargo con dedicación parcial da Area Concellaría de obras, servizos, medio ambiente e medio rural.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.”

TERCEIRO.- Determinar a dedicación exclusiva en relación co cargo da Alcaldía das seguintes retribucións coas actualizacións dende o mes de xuño de 2023 data do pleno organizativo correspondente á presente lexislatura:

-Retribucións brutas anuais de 46.858,98 €, en 12 pagas ordinarias e dúas extraordinarias en xuño e decembro + seguridade social a cargo do Concello.

CUARTO.- Publicar este acordo no Boletín oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

O que se fai público en cumprimento para xeral coñecemento e en cumprimento do establecido na vixente lexislación

Carral, 24 de outubro de 2025

O alcalde

José Luis Fernández Mouriño

2025/6983